

# Federación Galega de Espeleoloxía

## Material necesario

As áreas eleixidas teñen cavidades para todos os niveis técnicos polo que ademáis do material habitual de exploración, os participantes que queiran facer tramos con pozos, deberán levar material de técnica vertical tanto persoal como colectivo.

Por outra banda, lembramos que tamén existen importantes cursos de auga no sistemas de covas como *O Folón*, *A Trapa* e *Albarellos* onde é preciso o uso de neopreno para facer a travesía.

### Localización



Albergue "La Paloma", camiño Maristas, 36700, Tui, Pontevedra  
É preciso levar o saco de durmir. Número de prazas do albergue: Máx 80.



Federación  
Galega de  
Espeleoloxía



## XLIX Campamento Galego de Espeleoloxía

Datas e lugar de realización: Tui (Pontevedra), 1 e 2 de outubro de 2016.

Data límite de inscrición no Campamento: 15 de setembro de 2016.

Número máximo de de prazas albergue: 80.

Os interesados en participar no campamento deberán remitir un correo a [cetra@cetra.es](mailto:cetra@cetra.es) adicando o nome, apelidos, DNI, clube ao que pertencen, modalidade de licenza (A, B, ..), teléfono e mail de contacto. O pagamento farase na recepción.

As persoas interesadas en pernoctar o venres 30 de setembro pola noite deberano confirmar á organización no momento de formalizar a súa inscrición.

Para poder participar no campamento é imprescindible estar en posesión da licenza do ano en curso expedida pola FGE ou calquera outra licenza análoga de espeleoloxía recoñecida por esta (ás das federacións integradas na CEC). Os menores de idade precisan de permiso paterno (que custodiará o club) e acudir tutelados por un adulto.

Os participantes virán equipados co material espeleolóxico de progresión horizontal e vertical. Tanto individual como colectivo.

Os estamentos organizadores (club, FGE) non se responsabilizan de calquera accidente.

Calquera outra situación ou dúbida non prevista por este Regulamento será resolta pola organización.

Non esquezas: Realizar un traballo en equipo, fundamento da exploración espeleolóxica.

Clube de Espeleoloxía A Trapa (CETRA)  
Manuel de Castro, 8 – 3ºDer. 36210 Vigo (Pontevedra)  
Telf. 986 231 876  
[cetra@cetra.es](mailto:cetra@cetra.es) // <http://www.cetra.es>

As rochas carstificables presupoñen menos do 3% do substrato de Galicia. No 97% restante existen covas de diversa entidade e de distintos tipos nos granitos, neises, graniodoritas, esquistos, cuarcitas e cuarzos.

Propoñémolos como campamento a exploración e descubrimento do pseudocarst en granitos, con importantes sistemas de covas nas catro provincias galegas. Neste campamento centrarémonos nos principais sistemas e covas estudadas nas provincias de Ourense e Pontevedra.

Neste tipo de substrato priman tres tipos de covas: As covas estruturais, os sistemas de bloques, e os *tafone* (cacholas ou cacheiras). Todas elas con interesantes valores naturais (xeolóxicos, mineralolóxicos, biolóxicos e paleoambientais) e patrimoniais.

Para o desenvolvemento das actividades definíronse seis áreas de interese con covas de distinta dificultade e tipoloxía:

Area de Aldán: Cacholas e Sistema de A Cunchosa, en Aldán-Cangas.

Area de Vigo: Sistema de O Folón en Fragoselo-Vigo. Segundo o tramo a visitar, requírese neopreno e equipo de vertical.

Area de Ribadelouro: Sistema de A Trapa e cova do Cabezo de A Trapa, en Ribadelouro-Tui. Segundo o tramo a visitar, require neopreno e equipo de vertical.

Area de Castelo de A Furna, Sima de A Furna, en Boivao-Valença (Portugal). Requírese como mínimo licenza B, e equipo de vertical.

Area de Cabo Silleiro: Paleo-furnas de Baredo e cacholas de Barbadouro.

Sistema de Albarellos, en Avión. Requírese equipo de vertical e neopreno. Visita a realizar conxuntamente o domingo. Condicionada polo cadual do río e máis o nivel do encoro.

A organización aportará a documentación necesaria para poder desenvolver as visitas.

### XLIX Campamento Galego de Espeleoloxía

#### Prevenición

Conven destacar que á diferenza das calizas e dolomías, as rochas plutónicas son granudas: As que presentan baixa erosión son xeralmente ásperas mentras que as que presentan superficies erosionadas teñen moi mala adherencia polo que se recomenda extremar as precaucións para minimizar caídas.

#### Protección das covas

Os espeleotemas nestas covas son tan o máis fráxiles que os localizados no carst. E a pesar do seu pequeno tamaño, moitos conxuntos datados de biominerais superan os 10.000 anos de idade. Evita pisalos ou golpealos.

Dentro de moitas das covas incluídas no programa existen xacementos arqueolóxicos. Hai materiais cerámicos e líticos á vista. Lembra, son espazos protexidos. Non manipular, coller ou pisar os materiais.

Estas covas constitúen un fráxil medio nas que abundan anfibios, especialmente tritóns e píntegas. Destaca a presenza da especie protexida Samaraganta Rabilonga (*Chioglosa lusitanica*). Nalgunhas das covas con auga pódense atopar tamén serpes tipo *Natrix maura*. Dependendo a época do ano existen colonias de morcegos que poden superar a veintena de individuos. Entre os insectos destacan os arácnidos (pola súa abundancia), e os isquiropsálidos. Nalgunhas das covas pódese ver tamen a *Schistostega pennata*, ou brión luminoso, especie tamén protexida.



#### Prezos

- Pernocta día 30/09: 11 €
- Pernocta día 01/10 e almorzo do día 02/10: 5 €
- Cea de confraternidade: 20 €
- Xantar do 01/10 e 02/10 por conta dos participantes.

### Programa de actividade

#### Sábado 1 de outubro

- 09:30 – 10:00, recepción dos participantes
- 10:00 – 18:00, actividade espeleolóxica
- 18:00 – 19:00, proxección: O pseudocarst galego
- 19:00 – 21:00, tempo de lecer. Visita ao casco vello de Tui
- 21:00 – 23:00, cea de confraternización

#### Domingo 2 de outubro

- 08:30 – 09:00, almorzo (por conta da organización)
- 09:30 – 10:45, desprazamento ate Albarellos (Avión, Ourense)(\*)
- 11:00 – 13:00, visita do sistema de Albarellos
- 15:00, clausura e xantar

(\*) Actividade condicionada e limitada pola climatoloxía, polo caudal do río e máis polo nivel do encoro sito na surxencia desta cova.